

INTRODUCCIÓN

A plataforma online da Escola de Caza da Federación Galega de Caza (FGC) pretende servir como campus formativo asequible, para achegar a formación a cazadores, sociedades, deportistas, xuíces, etc., a todos os recunchos de Galicia.

Con esta iniciativa a FGC pretende que nin a falta de tempo nin a distancia sexan un obstáculo para que as persoas interesadas en adquirir novos coñecementos poidan facelo sen horarios, sen desprazamentos, confortablemente desde calquera lugar con acceso a internet.

A plataforma arranca coa 1ª edición do Curso sobre a **"Xestión interna e administrativa dunha entidade asociativa"**, dirixida principalmente aos xestores das sociedades de caza, pero tamén a aqueloutras persoas interesadas en formarse neste campo. Para a xestión deste tipo de entidades é fundamental dispor duns mínimos coñecementos toda vez que estas asociacións están a xestionar e administrar recursos alleos, polo que a prudencia e as boas prácticas deben ser o eixe fundamental no goberno destas entidades.

Paulatinamente a FGC pretende ir introducindo novos cursos de formación de cazadores, xuíces, deportistas, etc.